

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o dezaseis de agosto de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo:

9/512 CONTRATACIÓN DO ALUGAMENTO DE TRES VIVENDAS QUE CONTAN CON ADAPTACIÓNS TÉCNICAS PARA SER UTILIZADAS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. 25-2017.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 21 de xuño de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I.- Informe da técnico de servizos sociais de data 27 de setembro de 2016 no que indica que o inquilino da vivenda sita no andar 5º con contrato privado de aluguer asinado o 1 de setembro de 2012 non cumpre sobrevidamente as condicións esixidas no seu momento e que son obxecto de comprobación periódica aos efectos de poder prorrogar o contrato polo que proponse que esta vivenda non se prorrogue no ano 2017 e se oferte nunha próxima licitación.

II.- Informes sobre valoración de rendas e do prezo de alleamento das vivendas sitas na rúa Leiras Pulpeiro nº 7 así como sobre características das vivendas emitido por EVISLUSA de 31 de xaneiro de 2011.

III.- Prego de prescricións técnicas para o alugamento de tres vivendas que contan coas adaptacións técnicas para se utilizadas por persoas con discapacidade e mobilidade reducida elaborado pola técnico de servizos sociais co conforme da concelleira delegada en data 6 de xuño de 2017

IV.- Informe da licenciada en dereito adscrita a Servizos Sociais, de data 6 de xuño de 2017, relativo á actualización do prezo da renda dos contratos de alugamento.

V.- Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación de data 14 de xuño de 2017

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. O Concello de Lugo ten a propiedade de cinco vivendas sitas nun mesmo edificio en Leiras Pulpeiro nº 7 en Lugo.

A **vivenda do 1º andar sempre estivo baleira** sen inquilinos, as vivendas sitas no andar 2º, 3º, 4º e 5º foron obxecto dun procedemento de licitación para a contratación de alugueiro de vivenda por acordo núm. 27/249 da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2011 asinándose os correspondentes contratos de aluguer das vivendas sitas no andar 2º, 3º e 4º en data 02.01.2012 e a sita no andar 5º en data 01.09.2012.

A duración destes contratos era de **DOUS ANOS** a contar dende a súa sinatura e chegado o día do vencemento, a prórroga era obrigatoria para o concello prorrogándose por prazos anuais ata que o arrendamento acadase unha duración de **CINCO ANOS**, agás que a persoa arrendataria manifestase ó Concello de Lugo con 30 días de antelación, como mínimo, á data de remate do contrato ou de calquera das súas prórrogas a súa vontade de non renovar.

O **inquilino da vivenda sita no andar 2º presentou escrito de renuncia en data 2015 estando actualmente baleira.**

En relación coas **vivendas no andar 3º e 4º** remataron a duración prevista nos contratos o pasado 02.01.2017 (cinco anos) se ben a xefa de servizo de servizos sociais emite informe o 7 de febreiro de 2017 no que indica:

‘Primeiro.- A cláusula terceira dos contratos de alugamento, en consoancia co establecido no art 9 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbáns, na redación no momento da sinatura dos contratos, establece o seguinte:

“Terceira.- Duración

O contrato de alugamento terá unha duración de DOUS ANOS a contar dende a súa sinatura. Chegado o día do vencemento a prórroga deste será obrigatoria para o Concello, e prorrogarase por prazos anuais ata que o arrendamento acade unha duración de CINCO ANOS, agás que a persoa arrendataria manifeste ó Concello de Lugo con 30 días de antelación, como mínimo, a data de remate do contrato ou de calquera das súas prórrogas, a súa vontade de non renovar”.

Os contratos de alugamento asináronse o 2 de xaneiro de 2012 polo que o 2 de xaneiro de 2017 cumpriron os cinco anos de duración.

Segundo.- A Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbáns, na redación anterior á modificación pola Lei 4/2013, de 4 xuño, de medidas de flexibilización e fomento do mercado de alugamento de vivendas (BOE 5 de xuño) e de aplicación segundo a súa DT 1ª “Os contratos de alugamento sometidos á Lei 29/1994, de 24 de novembro, celebrados con anterioridade á entrada en vigor desta ley, continuarán rexéndose polo establecido no réxime xurídico que lles era de aplicación”.

O art 10 dispón o seguinte:

“Artigo 10. Prórroga do contrato.

Se chegada a data de vencemento do contrato, unha vez transcorridos como mínimo cinco anos de duración do mesmo, **ningunha das partes notificará á outra, ao menos cun mes de antelación á data de vencemento a vontade de non renovar, o contrato prorrogarase obrigatoriamente por prazos anuais ata un máximo de tres anos máis**, agás que o arrendatario manifeste ao arrendador

con un mes de antelación á data de remate de calquera das anualidades a súa vontade de non renovar o contrato.

Ao contrato prorrogado seralle de aplicación o réxime legal e convencional ao que estivera sometido."

Non houbo por parte dos inquilinos ningunha notificación sobre a vontade de non renovación do contrato de alugamento, en consecuencia, procede acordar prórrogas anuais ata un prazo de tres anos máis.'

En base ao exposto e á vista de que inquilinos seguían a cumprir os requisitos esixidos no seu momento foi acordada a prórroga dos seus contratos privados por un ano máis ata o 02.01.2018.

Non acontece o mesmo respecto a **vivenda sita no 5º** xa que o seu inquilino non cumpre por alteración sobrevida das súas circunstancias os requisitos establecidos nas cláusulas do seu contrato, motivo polo que é preciso incluír esta vivenda neste procedemento.

Por todo o exposto, este procedemento de contratación refírese ás vivendas sitas no andar 1º, 2º e 5º do edificio sito en Leiras Pulpeiro nº 7 de Lugo.

SEGUNDA.- O artigo 4 da LCSP establece que están excluídos do ámbito da lei os contratos de compravenda, donación, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades incorporais, a non ser que recaian sobre programas de ordenador e deban ser cualificados como contratos de subministracións e servizos, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexeranse pola lexislación patrimonial.

Nos casos das entidades locais a normativa patrimonial aplicable é o Regulamento de Bens das Entidades Locais que establece no artigo 92 '*O arrendamento ou calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das entidades locais rexeranse, en todo caso, en canto a súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das entidades locais*' en consecuencia serán de aplicación as regras establecidas no libro II da LCSP (preparación dos contratos) e Libro III, título I (adxudicación dos contratos).

TERCEIRA.- Respecto á fixación do prezo da renda dos contratos o artigo 92 establece que '*o usuario deberá satisfacer un canon non inferior ó 6% do valor de venda dos bens*'. Consta informe de EVISLUSA sobre o valor de venda das vivendas elaborado en xaneiro de 2011 para o anterior procedemento de contratación de alugueiros nas mesmas vivendas municipais por un importe de 159.457,16 euros.

Con data 6 de xuño de 2017, dende Servizos Sociais emítese informe onde se indica que tendo en conta a duración prevista para os contratos (4 anos máis 1 de prórroga) e que o 6% deste valor de venda ascende a 9.567,43 euros, resulta unha renda mensual de 159,46 euros mínimo que aboarán os que dispoñan de menor renda dispoñible.

CUARTA. O prego elaborado para disciplinar estes contratos en canto á súa preparación e adxudicación recolle as esixencias legais e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

QUINTA. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e a normativa específica de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE TRES VIVENDAS QUE CONTAN CON ADAPTACIÓNS TÉCNICAS PARA SER UTILIZADAS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, sendo o seu teor literal o seguinte:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO POLO CONCELLO DE LUGO PARA A CONTRATACION DO ALUGUER DE TRES VIVENDAS QUE CONTAN CON ADAPTACIÓNS TÉCNICAS PARA SER UTILIZADAS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA SITA EN LEIRAS PULPEIRO NUM. 7 (CASA DOMÓTICA). EXPTE REF. 25-2017.

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OBXECTO DOS CONTRATOS.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DOS CONTRATOS.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** DURACIÓN DOS CONTRATOS.
- **CLÁUSULA CUARTA.** PREZO DOS CONTRATOS.

- **CLÁUSULA QUINTA.** PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. REQUISITOS ESIXIBLES.
- **CLÁUSULA SEXTA.** GARANTÍAS.
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA OITAVA.** FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA NOVENA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMA.** CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMOPRIMEIRA.** ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMOSEGUNDA.** FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMOTERCEIRA.** GASTOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMOCUARTA.** EXTINCIÓN DOS CONTRATOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMOQUINTA.** RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO A** “PRESENTACIÓN DE PLICAS”

PRIMEIRA. OBXECTO DOS CONTRATOS.

Este contrato ten por obxecto a contratación de **aluguer de vivenda** sita nos andares **1º, 2º e 5º** do edificio propiedade municipal na **rúa Leiras Pulpeiro nº 7** a persoas con discapacidade física e mobilidade reducida permanente que residan no Concello de Lugo e que cumpran os requisitos establecidos, todo elo conforme ó prego de prescricións técnicas elaboradas polas técnicos de servizos sociais.

CPV 2008: 70310000-7 Servizos de aluguer ou venda de edificios

Con este contrato satisfácese a necesidade de solucionar os atrancos con que se atopan as persoas con discapacidade e mobilidade reducida na súa vida diaria como é atopar no mercado vivendas que se adapten ás súas necesidades específicas.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DOS CONTRATOS.

Trátase dun contrato patrimonial que ten por obxecto a celebración dun contrato de aluguer de vivenda sita nos andares **1º, 2º e 5º** do edificio propiedade municipal na rúa Leiras Pulpeiro nº 7 a persoas con discapacidade física e mobilidade reducida permanente que residan no Concello de Lugo, todo elo conforme ó prego de prescricións técnicas elaboradas polas técnicos de servizos sociais.

En aplicación do artigo 4.1.p) do TRLCSP trátase dun contrato excluído da aplicación da dita lei que ten o carácter de contrato privado polo que se rexerá pola lexislación patrimonial, neste caso polo RD 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, concretamente no seu artigo 92.

Asimesmo tamén teranse en conta as seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común
- Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño polo que aproba o Regulamento de Bens das entidades locais.
- Lei 29/1994 de 24 de novembro de Arrendamentos Urbanos
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PREZO DOS CONTRATOS.

O prezo do contrato é a renda mensual que deberán aboar ó Concello de Lugo as persoas que resulten adxudicatarias e asinen o contrato de aluguer da vivenda que corresponda. A renda fíxase nunha cantidade determinada en función dos ingresos da unidade familiar ou de convivencia que se sinala a continuación e que será actualizada anualmente conforme lei.

Entre o 0,6 e 1,2 vez IPREM -----	100 % -----	159,46 €
Entre o 1,21 e o 1,81 veces o IPREM----	110% -----	175,40 €
Entre o 1,82 e o 2,42 veces o IPREM----	120% -----	191,35 €
Entre 2,43 e 3 veces o IPREM-----	130%-----	207,29 €

CUARTA.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Os contratos de aluguer terán unha duración de **CATRO ANOS** a contar dende a sinatura dos correspondentes contratos. Chegado o día do vencemento, a prórroga deste será obrigatoria para o concello e prorrogarase por **UN ANO MÁIS** ata que o arrendamento acade unha duración total de **CINCO ANOS**, agás que a persoa arrendataria manifeste ó Concello de Lugo con 30 días de antelación, como mínimo, á data de remate do contrato ou de calquera das súas prórrogas a súa vontade de non renovar.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. REQUISITOS ESIXIBLES.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas que reúnan os **requisitos establecidos na cláusula terceira do prego de prescricións técnicas**.

SEXTA. GARANTÍAS.

Dada a natureza do contrato e as características dos posibles licitadores, conforme o establecido no artigo 83 LCSP non se establecen garantías provisional para a contratación que regula este Prego.

Os arrendatarios deberán constituir **fianza** conforme a cláusula décimoterceira do prego de prescricións técnicas.

SÉTIMA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal)

O prazo de presentación de solicitudes será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

OITAVA. FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

As persoas interesadas presentaran **unha instancia ou escrito conforme ao modelo de ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS" que se achega ao final deste prego e que se acompañará DUN ÚNICO SOBRE pechado**, asinado polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, DNI/NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. No sobre identificarase o número de expediente (EXPTE. REF. 25-2017).

Dentro deste sobre deberán presentar a seguinte documentación:

- ✓ **Anexo I** do prego de prescricións técnicas.
- ✓ **Anexo II** do prego de prescricións técnicas.
- ✓ Documentación relacionada na **cláusula SÉTIMA** do prego de prescricións técnicas.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en inhábil prorrogarase ao primeira día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

NOVENA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

Presidente: Xefe do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

-Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.

-Interventor xeral ou persoal que o substitúa.

-Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.

-O Secretario Xeral do Pleno.

- Xefa de servizo de servizos sociais ou persoal que o substitúa.

O acto de apertura do sobre celebrárase ó terceiro día hábil contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

Para a valoración e baremación da documentación remitirase esta a informe dos técnicos competentes do Concello de Lugo ou doutros que se designen ó efecto.

Os técnicos comprobarán se a documentación está completa propoñendo, no seu caso, que se requira a súa subsanación, e realizarán unha valoración da documentación e baremación cunha proposta de puntuación para tódolos solicitantes.

DÉCIMA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Serán os establecidos no baremo de adxudicación da **cláusula novena** do prego de prescricións técnicas. En caso de empate terán prioridade aqueles solicitantes que teñan maior número de menores ao seu cargo e, de producirse un novo empate, os que acrediten ter un maior grao de discapacidade.

DÉCIMOPRIMEIRA. ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS.

A adxudicación dos contratos realizarase polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación que procederá á selección dos tres solicitantes que obteñan a maior puntuación logo da valoración efectuada polos técnicos competentes, aplicándose o establecido na cláusula décima dos pregos técnicos para o caso de renuncia ou perda da condición de arrendatario.

DÉCIMOSEGUNDA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

A formalización do contrato de alugamento efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación.

Antes da formalización do contrato os adxudicatarios e conforme a **cláusula décimoprimeira** do prego de prescricións técnicas cada adxudicatario elixirá no prazo máximo de cinco días dende o seguinte ó da notificación da adxudicación a vivenda conforme a orde de puntuación acadada e levantarase a correspondente acta. Asimesmo e previamente á sinatura do contrato deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios de licitación.

DÉCIMOTERCEIRA. GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta dos contratistas (o importe indícase no propio anuncio). Tódolos gastos que se orixinen pola celebración deste contrato sufragaranse segundo establece a lei.

DÉCIMO CUARTA. EXTINCIÓN DOS CONTRATOS.

Son causas de resolución do contrato as previstas na cláusula décimosegunda e décimoterceira ("causas de resolución do contrato") do prego de prescricións técnicas.

DÉCIMOQUINTA. RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos de preparación e adxudicación destes contratos poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou recurso potestativo de reposición conforme o artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. As controversias que xurdan en relación cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato se dilucidarán ante o orde xurisdiccional civil.

 Concello de Lugo						
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"						
DATOS DO LICITADOR						
NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)						
ENDEREZO:						
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE:				
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.		<input type="checkbox"/> DNI /NIF <input type="checkbox"/> TARXETA <input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE				
		<table border="1"> <tr> <td>NÚMERO</td> <td>LETRA</td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> </tr> </table>	NÚMERO	LETRA		
NÚMERO	LETRA					

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE**EXPTE. REF. 25-2017****DENOMINACIÓN: CONTRATACION DO ALUGUER DE TRES VIVENDAS QUE CONTAN CON ADAPTACIÓNS TÉCNICAS PARA SER UTILIZADAS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA SITA EN LEIRAS PULPEIRO NUM. 7 (CASA DOMÓTICA).****DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

SOBRE ÚNICO que inclúe:

- ✓ Anexo I do prego de prescricións técnicas.
- ✓ Anexo II do prego de prescricións técnicas.
- ✓ Documentación relacionada na cláusula SÉTIMA do prego de prescricións técnicas.

Lugo, _____ de _____ de _____.

A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE.

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello."

B) "ASUNTO.- PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS POLAS QUE SE REXE A CONTRATACIÓN DO ALUGAMENTO DE 3 VIVENDAS QUE CONTAN COAS ADAPTACIÓNS TÉCNICAS PARA SER UTILIZADAS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E MOBILIDADE REDUCIDA E APERTURA DA CONVOCATORIA PÚBLICA.**Antecedentes de feito:**

As persoas con discapacidade forman un grupo moi vulnerable dado que o modo no que se estrutura e funciona a sociedade mantivo a este colectivo en coñecidas condicións de exclusión social. Este feito comportou a restrición dos seus dereitos básicos e liberdades condicionando e obstaculizando o seu desenvolvemento

persoal, así como limitando o acceso aos recursos e servizos dispoñibles para toda a poboación.

O desexo dunha vida plena e a necesidade de realización persoal moven a todas as persoas, pero estas aspiracións non poden ser satisfeitas polas persoas con discapacidade se teñen restrinxidos ou ignorados os dereitos á liberdade, á igualdade e á dignidade. Esta é a situación na que se atopan hoxendía moitos homes e mulleres con discapacidade, os cales, a pesar dos innegables progresos sociais acadados, ven limitados estes dereitos no acceso ao uso de entornos, recursos ou servizos que ben foron deseñados sen ter en conta as súas necesidades específicas ou ben son expresamente restrictivos na súa participación. A non accesibilidade dos entornos, produtos e servizos constitúe, sen dúbida ningunha, unha forma sutil pero moi eficaz de discriminación, neste caso de discriminación indirecta, pois xera unha desvantaxe certa ás persoas con discapacidade en relación con aquelas que non o son.

O Concello de Lugo, sensibilizado coas dificultades de integración coas que se atopan as persoas con discapacidade, leva desenvolvendo a través dos servizos sociais distintas accións encamiñadas a facilitar e a promover a súa integración na nosa cidade, todo isto co obxectivo último de que poidan levar unha vida normalizada e independente.

Dentro da súa estratexia de actuación convoca distintas liñas de subvencións, unhas dirixidas á asociacións ou entidades de iniciativa social que desenvolven programas dirixidos ao colectivo de persoas con discapacidade, e outras dirixidas directamente a persoas con discapacidade.

Deste xeito o Concello de Lugo prevé anualmente no orzamento subvencións nominativas dirixidas a asociacións ou entidades que desenvolven programas ou accións dirixidas ao colectivo de persoas con discapacidade. En concreto, e dirixidas ás persoas con mobilidade reducida, fináncianse o mantemento de vehículos destinados a "Taxi-adaptado," deste xeito promóvese a continuidade e o mantemento da prestación deste servizo.

A maiores, o Concello de Lugo convoca anualmente en réxime de concorrencia competitiva "*Subvencións dirixidas a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para o mantemento de equipamentos*", nesta convocatoria poden concorrer as distintas asociacións que executan programas dirixidos a persoas con discapacidade, e "*Axudas económicas a persoas con discapacidade física e afectadas de graves dificultades de mobilidade para gasto do transporte en taxi adaptado*".

A nivel de equipamentos e coa finalidade de promover un espazo para que as asociacións de interese social poidan executar e desenvolver os seus programas, proxectos e actividades, o Concello de Lugo construiu un equipamento específico que é a "Casa Clara Campoamor de asociacións de interese social" que conta con oito locais e cun ximnasio. Na utilización do uso destes espazos concédesele prioridade ás asociacións que contan con socios que teñen recoñecida a condición de persoas con discapacidade .

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

A pesar de contar con este equipamento, a demanda de asociacións que precisaban de locais ou espazos para executar os seus programas medraba, polo que no ano 2012, o Concello de Lugo adaptou un novo equipamento constituído por locais para ser cedidos a asociacións que é a "Casa María Mariño de asociacións de interese social".

Dentro do colectivo de persoas con discapacidade están as persoas con mobilidade reducida, un dos atrancos cos que se atopan na súa vida diaria é a dificultade de acceder a unha vivenda que se adapte ás súas necesidades específicas. O Concello de Lugo en resposta a esa necesidade e a través da Área de Benestar Social e Igualdade promoveu a construción dun edificio que conta con cinco vivendas adaptadas sito na Rúa Leiras Pulpeiro, 7, de Lugo (Casa Domótica). Así, coa finalidade de que as persoas con discapacidade e mobilidade reducida poidan acceder ao uso destas vivendas en réxime de alugamento ábrese a presente convocatoria pública para ceder o dereito de alugamento de tres destas vivendas.

Fundamentación xurídica:

O principal referente xurídico no eido mundial no ámbito da discapacidade constitúeo a **Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade**, adoptada polas Nacións Unidas, o 13 de decembro de 2006 e ratificada por España o 3 de maio de 2008. O seu propósito é o de "promover, protexer e asegurar o pleno goce e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade e promover o respecto da súa dignidade inherente. Resulta de especial relevancia o art 5 que recoñece o principio de igualdade e non discriminación e o art 9 recolle o dereito á accesibilidade "para lles permitir ás persoas con discapacidade vivir con autonomía e participar plenamente de todos os aspectos da vida, os Estados Parte adoptarán as medidas apropiadas para garantir o acceso de persoas con discapacidade, en condicións de igualdade coas demais persoas, ao medio físico, transporte, información e comunicacións, incluídos os sistemas e tecnoloxía da información e comunicacións e outros servizos e instalacións abertos ao público e instalacións públicas, tanto en áreas urbanas coma rurais".

Na cúspide do ordenamento xurídico español, a **Constitución Española de 1978** recoñece a igualdade ante a lei no art 14 sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. O artigo 9.2 establece que lles corresponde ós poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a súa participación na vida política, cultural e social. Neste sentido, os dereitos fundamentais deben ser garantidos polos poderes públicos mediante políticas axeitadas que permitan establecer as condicións necesarias para que a igualdade de oportunidades sexa efectiva para todas as persoas. De maneira específica, o art 49 establece que os poderes públicos levarán a cabo unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade referíndose ás persoas con discapacidade, ordea ós poderes públicos que presten a atención especializada que requiran e o amparo especial para o goce dos seus dereitos.

Neste sentido e ao abeiro dos artigos 9, 10, 14 e 49 da CE aprobouse a **Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social das Persoas con Discapacidade (LISMI)** sentou as bases para a eliminación de barreiras arquitectónicas e da comunicación e a promoción da accesibilidade. Desenvolveuse principalmente, a través da **Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e a accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIONDAU)**. Esta lei inspírase nos principios de vida independente, normalización, accesibilidade universal, deseño para todos, diálogo civil e transversalidade nas políticas en materia de discapacidade.

A Lei 51/2003, de 2 de decembro, recollía un establecemento dun réxime de infraccións e sancións que se fixo realidade coa aprobación da **Lei 49/2007, do 26 de decembro, polo que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade**.

Finalmente, estas tres leis quedaron derogadas coa publicación do **RDL 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social**. Esta lei pretende constituír un texto integrador que permite desenvolver, nun corpo normativo único, a diversidade de disposicións sobre accesibilidade, que unifique, coordine e estableza os criterios de aplicación, execución e control, de acordo cos criterios de proporcionalidade e axustes razoables, no marco das condicións establecidas pola lexislación básica estatal e polas directrices internacionais.

Á marxe desde desenvolvemento normativo, cómpre referirse á **Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia**, xa que lle afecta ás persoas con discapacidade ao establecer un conxunto de prestacións e un catálogo de servizos de atención do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

A nivel autonómico, no ámbito dos servizos sociais cómpre facer mención á **Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia**, que ten dentro dos seus obxectivos o de facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopen en situación ou en risco de exclusión social e o de garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Igualmente, dentro dos principios xerais dos servizos sociais está o principio da autonomía persoal e vida independente. É obriga dos poderes públicos facilitar os medios necesarios para que as persoas dispoñan das condicións máis convintes e os apoios necesarios para desenvolver os seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen, segundo a natureza dos servizos, a súa idoneidade e as condicións de utilización dos mesmos e sempre con respecto á libre decisión das persoas.

Hai que destacar, a entrada en vigor en marzo de 2015 da **Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade**. Nesta materia, Galicia xa contaba cunha norma específica que era a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, posteriormente desenvolvida polo

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei e o Código de accesibilidade, normas que estableceron as bases para a supresión de barreiras na edificación, nos espazos urbanos, no transporte e na comunicación, e para a promoción da accesibilidade a mellora na calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade e mobilidade reducida. Deste xeito, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade pretende constituír un texto integrador que permita desenvolver, nun corpo normativo único, a diversidade de disposicións de accesibilidade e que unifique, cordine e estableza os criterios de aplicación, execución e control, de acordo cos criterios de proporcionalidade e axustes razoables, no marco das condicións establecidas pola lexislación básica estatal e polas directrices internacionais.

A nivel de competencias en materia de servizos sociais, a **Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia**, ditada ao abeiro do art 27.23 do Estatuto de Autonomía que outorga competencia exclusiva á Comunidade Autónoma Galega en materia de asistencia social, no seu art 58 establece:

“ 1.As competencias en materia de servizos sociais corresponderanlle á Administración da comunidade autónoma de Galicia e ás corporacións locais de Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de Autonomía de Galicia ou establecidas nesta lei.”

No seu art 60 recolle como competencias dos concellos as seguintes:

“ 1. De conformidade co previsto nesta lei e na lexislación aplicable sobre réxime local, correspóndenlles aos concellos no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.*
- b) A creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, i).”*

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no Capítulo V, regula o criterio competencial do seguinte xeito:

“Art 28. Criterio xeral de competencia.

Os servizos sociais comunitarios básicos e específicos son de competencia municipal, nos termos establecidos no título VII da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.”

Art 30 Competencias e xestión coordinada dos servizos sociais comunitarios específicos.

1. Os concellos de Galicia desenvolverán e xestionarán, por si mesmos ou asociados, centros ou programas de servizos sociais comunitarios específicos.

Os pisos da Casa Domótica configúranse como un equipamento de servizos sociais non residencial dirixidos a persoas usuarias de servizos sociais cunhas necesidades sociais específicas, polo tanto, encádranse dentro do disposto no art 26 letra j).

“Art 26. Funcións dos servizos sociais comunitarios específicos.

No marco do establecido con carácter xeral no artigo 13 da Lei 13/2008, son funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos as seguintes:

“ j) A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores de poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.”

Segundo o establecido na disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a cal establece: “ As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

As vivendas adaptadas do edificio sito na Rúa Leiras Pulpeiro, 7 constitúen un ben patrimonial do Concello de Lugo polo que resulta de aplicación o **art 92 do RD 1372/1986, de 13 de junio, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais**, que dispón o seguinte:

“1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das entidades locais rexerase, en todo caso, en canto á súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das entidades locais.”

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS POLAS QUE SE REXE A CONTRATACIÓN DO ALUGAMENTO DE 3 VIVENDAS QUE CONTAN COAS ADAPTACIÓNS TÉCNICAS PRECISAS PARA SER UTILIZADAS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA (CASA DOMÓTICA) E APERTURA DA CONVOCATORIA PÚBLICA.

CLÁUSULA PRIMEIRA .- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente contrato ten por obxecto facilitar o acceso a unha vivenda adaptada ás persoas con discapacidade física permanente e mobilidade reducida que residan no Concello de Lugo e que cumpran cos requisitos esixidos na presente convocatoria.

Para cumprir con este obxectivo, o Concello de Lugo construíu un edificio na cidade de Lugo, na rúa Leiras Pulpeiro, 7 (Casa Domótica) que conta con vivendas dotadas das adaptacións técnicas necesarias para ser utilizadas por persoas con discapacidade física e mobilidade reducida. **Esta convocatoria ten por obxecto a selección das persoas interesadas en acceder á cesión do alugamento dos andares 1, 2º e 5º coas súas correspondentes prazas de garaxe.**

CLÁUSULA SEGUNDA.- DISTRIBUCIÓN E SUPERFICIE DAS VIVENDAS OBXECTO DE ALUGAMENTO.-

Todas as vivendas contan coa mesma distribución e superficie útil, sendo as súas características as seguintes:

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

- superficie útil total: 88,70 metros.
- cuarto principal: 16,50 metros cadrados.
- cuarto: 10,60 metros cadrados.
- cuarto de baño: 7 metros cadrados.
- cocina: 9,10 metros.
- un salón comedor de 19,90 metros cadrados.
- corredor: 21 metros cadrados.
- unha terraza -balcón: 9.50 metros cadrados.
- lavadoiro-tendedeiro: 4,60 metros cadrados.
- praza de garaxe adaptada.

CLÁUSULA TERCEIRA.- REQUISITOS COMÚNS PARA TODAS AS PERSOAS SOLICITANTES.

Poderán solicitar o dereito de alugamento das vivendas as persoas físicas maiores de idade, con plena capacidade de obrar e cunha discapacidade física permanente igual ou superior ó 33 % ou ben sexan pensionistas da seguridade social por ter recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, sempre e cando contén con mobilidade reducida e que como titulares dunha unidade familiar ou de convivencia, segundo o definido na cláusula cuarta reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser maior de 18 anos e menor de 60 anos.

b) Ter nacionalidade española ou dun país da Unión Europea ou contar con autorización de residencia en vigor en España.

c) Residir a persoa solicitante no Concello de Lugo cunha antigüidade mínima de 2 anos ininterrompidos con respecto á data da convocatoria. O Concello de Lugo comprobará de oficio esta circunstancia previa autorización da persoa solicitante efectuada a través do modelo oficial de solicitude.

d) Acreditar uns ingresos brutos totais anuais ponderados segundo as fórmulas establecidas a continuación comprendidos entre 0.6 e 3 veces o IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) (12 pagas). Segundo a Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, aplicable como consecuencia da prórroga automática dos presupostos do ano 2016, o valor anual para o IPREM 6.390,13 €, (os ingresos máximos son de 19.170,39 €) e os ingresos derivados das rendas de capital non superen, no seu conxunto, a cifra de 601€ anuais. Para a determinación dos ingresos partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes á declaración ou declaracións presentadas por cada un dos membros da unidade de convivencia e que se refiran ao último exercicio fiscal dispoñible. Ademais teranse en conta todos os ingresos recibidos no último exercicio vencido que non estean incluídos no IRPF.

No suposto de que algún dos membros da unidade de convivencia non estivese obrigado a presentar a declaración da renda, os ingresos determinaríanse partindo da documentación que se refire na cláusula sétima destas bases.

A ponderación dos ingresos anuais efectuarase multiplicando os ingresos totais anuais da unidade familiar ou de convivencia polos seguintes coeficientes de ponderación:

COEFICIENTE A:

Nº de membros da unidade familiar	Coeficiente
Dous	0,95
Tres	0,90
Catro	0,85
De cinco en diante	0,80

COEFICIENTE B:

Nº de perceptores de ingresos dentro da unidade familiar	Coeficiente
Unidades con ingresos de máis de 2 perceptores	0,95
Unidades con ingresos de máis de 3 perceptores	0,90

Para os efectos do cómputo do coeficiente B só se computarán aquelas persoas que perciban ingresos que representen polo menos o 20% dos ingresos da unidade familiar ou de convivencia.

e) Carecer de vivenda tanto o solicitante como os membros da unidade familiar ou de convivencia en calidade de propietario, arrendatario, usufructuario ou calquera outro título de dereito que permita o seu uso e desfrute, agás, que se acredite que a vivenda de que se dispón sexa inhabitable, insuficiente, ou inadecuada e/ou inadaptada ás necesidades da unidade familiar ou de convivencia . Non poderán acceder a este dereito as persoas que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

e.1 Que o solicitante ou algún membro da súa unidade familiar ou de convivencia sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica e/ou urbana no Concello de Lugo suxeitos ó imposto sobre bens inmobles con un valor catastral superior a 30.000 euros

f) Quedan excluídas desta convocatoria as persoas con discapacidade psíquica ou física que precisen dun coidador permanente para todas as actividades básicas da vida diaria definidas no art 2 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, toda vez que o obxectivo desta convocatoria é que as persoas beneficiarias poidan utilizar os servizos da Casa Domótica. O Concello resérvase a posibilidade de requirir á persoa solicitante, se o considera necesario, calquera documentación procedente para probar este extremo.

g) Estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Concello de Lugo, tanto a persoa solicitante como os membros da súa unidade familiar ou de convivencia.

h) Non ser beneficiarios de subvencións ou axudas económicas públicas nin de entidades privadas en concepto de vivenda nin ser adxudicatarios de vivenda de protección oficial de promoción pública tanto a persoa solicitante como a súa unidade familiar ou de convivencia.

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refº: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

CLÁUSULA CUARTA.- DEFINICIÓN DE UNIDADE FAMILIAR OU DE CONVIVENCIA.-

Para os efectos desta convocatoria entenderase por unidade familiar ou de convivencia a formada polos seguintes membros:

a) Cónxuxes non separados legalmente e os descendentes e/ou ascendentes que convivan habitualmente, se os houber.

b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, acreditada mediante inscrición no Rexistro de Parellas de Feito ou ben Libro de Familia, a formada polos respectivos titulares de ditas unións familiares ou convivencia xunto cos seus descendentes que convivan habitualmente.

c) As persoas maiores de idade integradas nunha unidade familiar ou de convivencia que manifesten o seu desexo de independizarse e acrediten capacidade económica propia nos termos esixidos nesta convocatoria.

Quedarán excluídas en todo caso da presente convocatoria as unidades familiares formadas por un número superior de 4 membros todo isto motivado pola distribución e superficie dos cuartos.

CLÁUSULA QUINTA.- MOBILIDADE REDUCIDA.

1. Aos efectos da presente convocatoria e segundo o Baremo de valoración de discapacidades aprobado polo Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, considérase que unha persoa ten mobilidade reducida cando no ditame técnico facultativo que acompaña ó certificado do grado de discapacidade, no apartado relativo á existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos, consta algunha das seguintes circunstancias:

a) a persoa valorada está incluída no apartado A (usuario en cadeira de rodas) ou apartado B (depende absolutamente de dous bastóns para deambular).

b) a persoa valorada obteña unha puntuación como mínimo de 7 puntos.

2. De xeito excepcional, cando a circunstancia da mobilidade reducida non estea valorada no ditame técnico facultativo ou ben non posúa o devandito ditame por ser pensionista da seguridade social, admitirase que a mobilidade reducida se acredite a través de informe médico emitido polo facultativo de atención primaria correspondente que terá que facer constar, como mínimo, a circunstancia da mobilidade reducida, enfermidades que padece e instrumentos de apoio que precise na súa vida cotiá.

CLÁUSULA SEXTA.- PREZO DO ALUGAMENTO DAS VIVENDAS.-

Segundo o artigo 92.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais "O usuario terá que satisfacer un canon non inferior ó 6 % do valor en venda dos bens".

Según informe técnico emitido, o valor de taxación de alleamento obtido polo método de comparación para a superficie útil das vivendas ascende a 159.457,16 €. Sobre a dita contía aplicarase o 6% para obter a renda mínima a pagar durante o período total do contrato de alugamento .

En función dos ingresos ponderados anuais totais da unidade familiar ou de convivencia acreditados no proceso de adxudicación, obterase a renda mensual a pagar en concepto de contrato de alugamento da vivenda e praza de garaxe segundo corresponda da aplicación das seguintes portentaxes:

Entre o 0,6 e 1,2 vez IPREM -----	100 % -----	159,46 €
Entre o 1,21 e o 1,81 veces o IPREM----	110% -----	175,40 €
Entre o 1,82 e o 2,42 veces o IPREM----	120% -----	191,35 €
Entre 2,43 e 3 veces o IPREM-----	130%-----	207,29 €

CLÁUSULA SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

A persoa solicitante e todos os membros da súa unidade familiar deberán presentar xunto coa solicitude en modelo normalizado (ANEXO I), a seguinte documentación:

A) DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS DATOS PERSOAIS E SITUACIÓN FAMILIAR:

- 1) Fotocopia do DNI ou pasaporte. As persoas de nacionalidade estranxeira deberán necesariamente presentar autorización de residencia ou tarxeta de réxime comunitario en vigor.
- 2) Fotocopia do libro de familia, de ser o caso.
- 3) Fotocopia do certificado do Rexistro de parellas de feito municipal ou autonómico, de ser o caso.
- 4) Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio xunto co convenio regulador, de ser o caso.
- 5) Certificado de empadramento e de convivencia donde se faga constar a antigüidade da residencia no termo municipal de Lugo, agás que autorice expresamente ó Concello de Lugo á comprobación de oficio desta circunstancia.
- 6) Documentación xustificativa do parentesco de ascendencia.

B) DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SITUACIÓN DE DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA DA PERSOA SOLICITANTE E DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR OU DE CONVIVENCIA:

- 1) Fotocopia do certificado do grado de discapacidade e ditame técnico facultativo que o fundamente expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social ou, no seu defecto, fotocopia do certificado da Seguridade Social de ter recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez. Se na unidade familiar ou de convivencia existe algún membro con discapacidade terá tamén que presentar a devandita documentación.
- 2) Informe médico emitido polo facultativo de atención primaria donde se faga constar a mobilidade reducida, enfermidades que padece e instrumentos de apoio que precise. Só se admitirá a presentación deste informe médico cando a circunstancia da mobilidade reducida non estea valorada no ditame técnico facultativo que terá que presentar ou ben non posúa o devandito ditame por ser pensionista da seguridade social.

C) DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS INGRESOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR OU DE CONVIVENCIA.

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

A persoa solicitante e todos os membros da súa unidade familiar ou de convivencia maiores de 16 anos deberán presentar a seguinte documentación segundo corresponda:

- 1) Fotocopia da declaración do IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) da última declaración fiscal dispoñible. No seu defecto, certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria acreditativa de non ter a obriga de presentala.
- 2) Certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Deberá presentar segundo corresponda a seguinte documentación:

3.1 Persoas en situación de desemprego:

- Certificación do Servicio Público de Empleo Estatal acreditativo da situación de desemprego así como das prestacións percibidas durante o último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou ben certificación do mesmo de non percepción de prestacións.

- Se non son beneficiarios/as de prestación por desemprego: Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria ou certificación do mesmo de non percepción de prestacións.

3.2 Pensionistas:

- Certificación do organismo competente acreditativa das cantidades percibidas durante o último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

No suposto de persoas maiores de 65 anos que non sexan pensionistas, deberán presentar certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social e certificación da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

3.3 Persoas con traballo por conta propia:

-Declaracións trimestrais do último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

3.4 Percepción de pensións compensatorias e pensións alimenticias:

- Extracto da conta bancaria onde consten os ingresos percibidos, ou abonados, no último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, en concepto de pensión alimenticia e/ou compensatoria, e no seu defecto, denuncia xudicial por impago actualizada. No suposto de abono de pensión compensatoria ou alimenticia poderase acreditar tamén mediante descontos en nómina.

3.5 Declaración doutros ingresos.

-Declaración xurada de ingresos no suposto de que exista algún membro da unidade familiar ou de convivencia que non teña nómina.

D) DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE ESTAR AO CORRENTE NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE NON SER TITULAR DE BENS INMOBLES.

1)-Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Consellería de Facenda, e co Concello de Lugo (se

non presta a súa autorización para obtelo de oficio) de estar ao corrente nas obrigas tributarias.

2)-Certificación do centro de xestión catastral e cooperación tributaria da correspondente Axencia Estatal da Administración Tributaria de se o solicitante ou algún membro da unidade familiar ou de convivencia é ou non titular de bens inmobles de natureza urbana ou rústica.

E) DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS CIRCUNSTANCIAS DA VIVENDA NA QUE RESIDE A PERSOA SOLICITANTE:

1) Declaración xurada na que conste que o solicitante non é adxudicatario de vivenda de protección oficial de promoción pública (Anexo II).

2) Declaración xurada de vivir en precario, se é o caso.

CLAUSULA OITAVA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN: COMPOSICIÓN E FUNCÍONS.

Para a baremación das solicitudes presentadas designarase unha Comisión de Avaliación coa seguinte composición:

a) Composición:

PRESIDENTE/A:

-Un/nha técnico/a adscrito aos servizos sociais ou persoal que o substitúa.

VOGAIS:

-Un/Unha técnico/a do servizo de servizos sociais ou persoal que o substitúa.

-Titular do órgano de apoio a Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.

-Un/ha técnico/a do Servizo de Intervención ou persoal que o substitúa.

SECRETARIA: Un/ha funcionario/a municipal que actuará, con voz e sen voto e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

b) Funcións:

A Comisión de Avaliación terá como función a puntuación e avaliación das solicitudes presentadas aplicando os criterios e coeficientes recollidos na cláusula novena.

CLÁUSULA NOVENA: BAREMO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ALUGAMENTO.-

Para a baremación das solicitudes terase en conta os seguintes parámetros:

A.-GRADO DE DISCAPACIDADE DA PERSOA SOLICITANTE.

-Entre o 33 % e o 64%..... 5 puntos

-Entre o 65 % e o 74%.....10 puntos

-Superior ó 75 %.....15 puntos

B.- CIRCUNSTANCIAS ECONÓMICAS.-

INGRESOS PONDERADOS	PUNTOS
De 3.834,08 a 7.668,16 €	5
De 7.668,17 a 11.502,25 €	4
De 11.502,26 a 15.336,34 €	3

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

De 15.336,35 a 19.170,39 €

2

C- CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E FAMILIARES.-

Por cada membro da unidade familiar ou de convivencia con un grado de discapacidade superior ó 33 % (distinto da persoa solicitante)3 puntos

Por ser familia monoparental con fillos a cargo.....2 puntos

Por cada fillo menor de idade que esté a cargo da persoa solicitante.....1 puntos

D.- VALORACIÓN DAS CONDICIÓN DE HABITALIDADE DA VIVENDA.-

Por habitar unha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade.....4 puntos

Por habitar unha vivenda de superficie insuficiente ou inadecuada.....3 puntos

Por habitar unha vivenda na que conviven 2 unidades familiares diferenciadas.....2 puntos

Por habitar unha vivenda en réxime de precario.....1 puntos

A acreditación destas circunstancias realizarase mediante informe emitido por técnico/a competente, traballador/a social e/ou certificado de convivencia segundo o caso. A circunstancia de habitar unha vivenda en réxime de precario farase mediante declaración xurada.

CLÁUSULA DÉCIMA.- ADXUDICACIÓN.-

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Concello de Lugo elaborará e aprobará a lista de persoas adxudicatarias ordeada de acordo coa puntuación obtida pola aplicación dos baremos da cláusula oitava. A relación incorporará os solicitantes excluídos con indicación das causas de exclusión.

No caso de producirse igualdade de puntuación terán prioridade aqueles solicitantes que teñan maior número de menores ó seu cargo e, de producirse un novo empate, os que acrediten ter un maior grado de discapacidade.

2. Ó mesmo tempo elaborárase a lista de reserva integrada polas persoas solicitantes que non resulten adxudicatarias. O Concello de Lugo poderá realizar contratos de alugamento coas persoas da lista de reserva no suposto de renuncia polos inicialmente seleccionados ou pola perda da condición de arrendatario da vivenda. Nestes supostos, o concello requirirá de novo a documentación esixida na cláusula sétima se transcurriu un ano dende a adxudicación dos contratos coa finalidade de comprobar que as persoas da lista de reserva seguen cumprindo con todos os requisitos esixidos nos pregos.

CLÁUSULA DÉCIMOPRIMEIRA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE ALUGAMENTO.-

1. Na notificación da resolución mediante a cal se aproba a lista de adxudicatarios cítase ás persoas beneficiarias para comparecer, dentro do prazo de 5 días hábiles seguintes ó da recepción da notificación, nas oficinas administrativas do Concello de Lugo para elixir vivenda segundo a orde de puntuación acadada e levantarase acta. A non comparecencia nas oficinas administrativas do concello o día da citación sen causa xustificada implicará a renuncia ó dereito de alugamento recoñecido.



CSV: T7ZQJMyVx0VK6dk3DjGWdQ==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 22 / 31

DATAS(UTC)

24/08/2017 12:01:15

24/08/2017 12:01:16

2. Con posterioridade á elección e, dentro prazo dos 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da recepción da notificación, formalizarase a adxudicación mediante a sinatura do correspondente contrato de alugamento. A non sinatura do contrato no prazo establecido sen alegar causa xustificada implicará a renuncia ó dereito recoñecido.

CLAUSULA DÉCIMOSEGUNDA.- REVISIÓN DOS CONTRATOS DE ALUGAMENTO.-

1. Concello de Lugo, cada dous anos de duración do contrato de alugamento, comprobará o mantemento das circunstancias económicas da unidade familiar ou de convivencia da persoa beneficiaria no mes anterior ó cumprimento deste prazo. As circunstancias obxecto de comprobación son as descritas nas letras d), e), g) e h) da cláusula terceira. Para realizar esta comprobación o Concello de Lugo requirirá á persoa solicitante que achegue a documentación que sexa precisa para acreditar os extremos obxecto de verificación.

2. Será causa de resolución do contrato de alugamento a non contestación en prazo do requirimento efectuado sen causa xustificada e o incumprimento das condicións sinaladas nas letras d), e), g) e h) da cláusula terceira.

CLÁUSULA DÉCIMOTERCEIRA.- CONDICIÓN DO CONTRATO DE ALUGAMENTO.-

Lexislación aplicable.-

O contrato de alugamento réxese polo previsto na Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos urbáns e polas cláusulas establecidas no presente contrato. En defecto de norma ou pacto expreso, rexerase polo previsto no Código Civil.

Obxecto.-

O obxecto do presente contrato é o alugamento do pisodo edificio sito na Rúa Leiras Pulpeiro, nº 7 xunto coa súa correspondente plaza de garaxe.

Duración.-

O contrato de alugamento terá unha duración de **CATRO ANOS** a contar dende a súa sinatura. Chegado o día do vencemento, a prórroga deste será obrigatoria para o concello e prorrogarase por **UN ANO MÁIS** ata que o arrendamento acade unha duración total de **CINCO ANOS**, agás que a persoa arrendataria manifeste ó Concello de Lugo con 30 días de antelación, como mínimo, á data de remate do contrato ou de calquera das súas prórrogas a súa vontade de non renovar.

Renda.-

A renda fíxase na contía que resulte da aplicación do establecido na cláusula sexta do prego de condicións e deberá ser ingresada nos 7 primeiros días de cada mes na conta bancaria que o Concello de Lugo designe ao efecto.

A renda será revisada polo Concello de Lugo na data na que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, e revisarse con referencia á variación anual do Índice de Garantía de Competitividade na data da revisión, tomando como referencia o último índice que estivera publicado na data de revisión do contrato.

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

Fianza.-

A parte arrendataria terá que ingresar unha mensualidade en concepto de fianza no momento da sinatura do contrato. Esta fianza será devolta á parte arrendataria dentro do mes seguinte ó do remate da duración total do contrato agás que non continúe residindo no piso e teña que aplicarse ós desperfectos causados.

Destino.-

A vivenda obxecto de alugamento destinarase única e exclusivamente a satisfacer a necesidade permanente de vivenda da parte arrendataria e da súa unidade de familiar ou de convivencia, enténdese por unidade familiar ou de convivencia a indicada no procedemento de adxudicación do contrato de alugamento.

Queda prohibido calquera uso da vivenda distinto ó de satisfacer a necesidade permanente de vivenda da persoa arrendataria e da súa unidade familiar ou de convivencia. Será causa de resolución contractual a variación da devandita finalidade.

A parte arrendataria declara que a vivenda se atopa en perfecto estado para servir ó destino pactado, facéndose cargo da súa conservación.

Causas de resolución do contrato.-

O incumprimento por calquera das partes das obrigas derivadas do contrato dará dereito á parte que cumprise as súas a esixir o cumprimento da obriga ou a promover a resolución do contrato dacordo co disposto no artigo 1.124 do Código Civil.

O arrendador poderá resolver de pleno dereito o contrato de alugamento polas seguintes causas recollidas no art 27.2 da Lei 29/1994, de 24 de novembro de arrendamentos urbáns:

- a) Falta de pago da renda ou, no seu caso, de calquera das contías que deba aboar a persoa arrendataria.
- b) Falta de pago do importe da fianza ou da súa actualización.
- c) Subarrendo ou cesión in consentida.
- d) Realización de danos causados dolosamente na finca ou de obras non consentidas polo arrendador cando o consentemento deste sexa necesario.
- e) Realización de actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.
- f) Se a vivenda deixa de estar destinada de forma primordial a satisfacer a necesidade permanente de vivenda do arrendatario.

A maiores, será causa de resolución do contrato de alugamento a non utilización da vivenda por parte da persoa arrendataria e da súa unidade familiar ou de convivencia durante un periodo de 6 meses, agás causa xustificada previamente valorada polo Concello de Lugo.

Obras.-

Queda prohibida a realización de calquera tipo de obra na vivenda alugada sen previa autorización por escrito do Concello de Lugo aínda que coas obras non se altere a configuración da vivenda. O incumprimento desta obriga será causa de resolución do presente contrato. As obras autorizadas quedarán en beneficio da vivenda sen dereito a ningún tipo de reintegro.

Prohibición da cesión do contrato, subarrendo total ou parcial.-

Queda prohibida a cesión do presente contrato, así como o subarrendo total ou parcial da vivenda alugada por parte da persoa arrendataria a favor de terceiras persoas.

Gastos.-

Os gastos por servizos da vivenda alugada que se individualicen mediante aparatos contadores serán en todo caso de conta da parte arrendataria. Teñen esta consideración os gastos derivados do subministro eléctrico, auga, teléfono e gas que deberá dalos de alta ó seu nome a parte arrendataria trala sinatura do contrato de alugamento.

Serán por conta da parte arrendataria os gastos de comunidade e por conta do Concello de Lugo os gastos do imposto de bens inmobles.

Serán por conta da parte arrendataria as reparacións que teñan que realizarse no edificio ou na vivenda alugada polos danos causados por membros da súa unidade familiar ou de convivencia e as pequenas reparacións que esixa o desgaste polo uso ordinario da vivenda.

Coidado do inmovble.-

A parte arrendataria deberá despregar a debida dilixencia no coidado do inmovble e as súas instalacións, respondendo solidariamente dos desperfectos que poidera causar e, ó remate do prazo de duración do contrato de alugamento e das súas prórrogas deberá desaloxalo e poñelo a disposición do Concello de Lugo no prazo de 15 días hábiles.

A parte arrendataria asume a obriga de entregar a vivenda nas mesmas condicións nas que foi entregada, sen outros desperfectos que os propios do uso normal da vivenda.

Entrada no piso.-

A parte arrendataria está obrigada a permitir o acceso á vivenda ó persoal designado polo Concello de Lugo coa finalidade de inspeccionar e comprobar o estado da vivenda e os seus elementos, así como para verificar o cumprimento das cláusulas do prego de contratación e do contrato de alugamento e para a realización de calquera tipo de obra ou reparación que fora preciso levar a cabo tanto na vivenda como no edificio.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONTRATACIÓN DO DEREITO DE ALUGAMENTO DAS VIVENDAS SITAS NO EDIFICIO Nº 7 DA RÚA LEIRAS PULPEIRO DE LUGO.-

Dª/D.----- con DNI -----
-----, tfno. núm. -----, con enderezo na r/pza. -----
-----, núm.----- piso: -----, CP -----; localidade -----,

DECLARA

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

1. Que cumpre con todos os requisitos esixidos na convocatoria e que non posúe unha discapacidade de tipo psíquico ou físico na que precise dun coidador permanente para todas as actividades básicas da vida diaria do art 2 da Lei 39/2006.

2.- A persoa solicitante manifesta que a unidade familiar ou de convivencia coa que pretende compartir o dereito de alugamento está composta polos membros relacionados na seguinte táboa (facer constar tamén ó solicitante):

Nome e apelidos	Parentesco co solicitante (indicar se é o coidador acreditado polo EVO)	Ingresos económicos anuais

3.- A persoa solicitante manifesta que na súa unidade familiar ou de convivencia concurren as seguintes circunstancias (sinalar cun X o suposto que corresponda):

---Hai membros da unidade familiar ou de convivencia con un grao de discapacidade superior ó 33% (distinto da persoa solicitante)

---Familia monoparental con fillos á cargo.

---Hai menores de idade a cargo do solicitante. Número total de menores_____

4.- A persoa solicitante acredita a necesidade de vivenda por atoparse na seguinte circunstancia (sinalar cun X o suposto que corresponda):

--habitar unha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade.

--habitar unha vivenda de superficie insuficiente ou inadecuada.

--habitar unha vivenda na que conviven 2 unidades familiares diferenciadas.

--habitar unha vivenda inadecuada á situación de discapacidade do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar ou de convivencia.

--habitar unha vivenda en réxime de precario.

5.- Así mesmo declaro que ningunha das persoas da miña unidade familiar ou de convivencia non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 LCSP.

6.- Acepto incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

7.- Reúno todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

8.- Dou a miña autorización expresa para que o Concello de Lugo comprobe de oficio o empadramento e a acreditación de non débedas co concello, unicamente para os efectos de participar na presente convocatoria.

SOLICITA: Participar na convocatoria pública efectuada polo Concello de Lugo para a cesión do dereito de alugamento das vivendas sitas no número 7 da Rúa Leiras Pulpeiro de Lugo.

Lugo, ----- de-----de 2017

(sinatura)

SRA. ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Xúntase á presente solicitude a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN XERAL:

-Fotocopia do DNI/ ou documento equivalente, autorización de residencia, ou autorización de réxime comunitario dos membros da unidade familiar ou de convivencia.

- Fotocopia do libro de familia.

-Fotocopia do certificado do Rexistro de parellas de feito, municipal ou autonómico.

-Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio, e convenio regulador.

-Certificado de empadronamento e convivencia con indicación da antigüidade da residencia no termo municipal de Lugo, (só no caso de non autorizar ó Concello de Lugo para solicitar o mesmo de oficio).

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA.-

-Fotocopia do certificado de grado de discapacidade e ditame técnico facultativo que o fundamenta ou certificado da Seguridade Social de ter recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez. Se na unidade familiar ou de convivencia existe algún membro con discapacidade terá tamén que achegar a devandita documentación.

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

-Informe médico emitido polo facultativo de atención primaria no que se faga constar a mobilidade reducida, enfermidades que padece e instrumentos de apoio, no suposto de non posuír o certificado do grado de discapacidade do apartado anterior.

DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA DO SOLICITANTE E DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR.-

-Fotocopia da última declaración da renda ou ben certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria donde conste a non obriga a facer a declaración.

-Certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Persoa en situación en desemprego:

-Certificado de estar en situación de desemprego.

-Certificado de percepción de prestacións percibidas polo Servizo Público de Emprego Estatal e contía ou ben certificación do mesmo de non percibir prestación.

-Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das prestacións recibidas durante o último exercicio económico.

Pensionistas:

-Certificado do organismo competente que reconece a pensión no que se faga constar o tipo de pensión que percibe e o seu importe anual.

-Maiores de 65 que non sexan pensionistas: certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social e certificación da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Política Social da Xunta de Galicia.

Autónomos:

-Declaracións trimestrais do último exercicio económico.

Percepción de pensións compensatorias e pensións alimenticias.

-Extracto da conta bancaria no que consten os ingresos ou descontos en nómina e, no seu defecto, denuncia xudicial por impago actualizada.

Percepción doutros ingresos.

-Declaración xurada de ingresos no suposto de que algún membro da unidade familiar ou de convivencia non teña nómina.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE ESTAR AO CORRENTE NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE NON SER TITULAR DE BENS INMOBLES:

-Certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda e Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Concello de Lugo, de non prestar autorización para a súa comprobación.

-Certificación do centro de xestión catastral e cooperación tributaria da correspondente Axencia Estatal da Administración Tributaria donde conste que nin o solicitante nin os membros que integran a súa unidade familiar ou de convivencia son titulares de bens inmobles de natureza urbana ou rústica.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS CIRCUNSTANCIAS DA VIVENDA

-Declaración xurada na que conste que o solicitante non é adxudicatario de vivenda de protección oficial de promoción pública. (anexo II).

-Declaración xurada de habitar unha vivenda en réxime de precario

ANEXO II

Dª/D.----- con DNI -----
-----, teléfono núm. -----, con enderezo na r/pza. -----
-, núm.----- piso: -----, CP -----; localidade -----, fai a seguinte

DECLARACIÓN XURADA:

Que o declarante e os membros da súa unidade familiar e/ou de convivencia non son adxudicatarios de vivenda de protección oficial de promoción pública e tampouco son beneficiarios de subvencións ou axudas económicas públicas nin de entidades privadas en concepto de vivenda .

Para que conste ós efectos de participar no procedemento de adxudicación do contrato de alugamento nas vivendas sitas no edificio da Rúa Leiras Pulpeiro, 7.

Lugo,-----de-----de 2017

ANEXO III

INVENTARIO DAS VIVENDAS DA RÚA LEIRAS PULPEIRO, Nº 7

COCIÑA:

1. Mobiliario:

- Moble Alto Motorizado, Porta Abatible 90x90x36
- 1 Costado Decorativo 90x38
- 1 Regreta de Axuste. 90x10
- Moble Altílo 150x80 (Cubre caldeira)

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17x350090512

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2017

- Moble caixonera, 2 caixóns y 1 gavetero de 70x50x58
- Moble baixo Panero – botelleiro de 70x30x58. (Accesorio extraíble)
- Decorativo aberto 70x30x33.
- Moble baixo 1 porta 70x60x33.
- Columna escobero 130x30x58.
- Columna forno + mesa extraíble + 1 caixón de 14 cm. + 1 gavetero de 42 cm.
- 2 Balda 156x60x2
- 1 Balda de 156x30x2
- 2 Regretas de axuste. 70x10
- 1 Regreta de axuste de 130x10
- 1 Encimera de laminado cunha parte móbil donde quedarían integradas as zonas de cocción e fregado. Con 2 patas motorizadas, pezas para cubrilas e sistemas de seguridade.
- Zócalo de Aluminio
- 1 Mando a distancia.
- 1 Balda para protexer os desaugues.

2. Electrodomésticos:

- Frigorífico 265 litros, clase de eficiencia enerxética A+, portas de aceiro inoxidable antihuellas e dimensións 60 x 65 x 150 cm.
- Placa de inducción con 3 zonas de 60 x 60 cm.
- Forno de apertura lateral con porta de aceiro inoxidable.
- Campá decorativa 90 cm en aceiro inoxidable.
- Lavalouzas de 60 cm con porta de aceiro inoxidable.

CALEFACCIÓN:

Calefacción por radiación infraroja para 5 vivendas (xa existe preinstalación eléctrica).

Placas cerámicas para colocación superficial en teito, con hilo calefactor e recubrimiento de aluminio para distribución uniforme da temperatura, aillamento pola parte posterior de fibra de vidro, marco de aluminio e cor branco.

En cada vivenda:

- 3 placas de 60 x 60 x 2,9 cm. e 311W de potencia cada unha para o corredor;
- 1 placa de 60 x 90 x 2,9 cm. e 466W para o baño;
- 2 placas de 60 x 120 x 2,9 cm. e 623W para o estar;
- 1 placa de 60 x 120 x 2,9 cm. e 623W para a cociña;
- 1 placa de 60 x 120 x 2,9 cm. e 623W para un dormitorio;
- 1 placa de 60 x 150 x 2,9 cm e 802W para outro dormitorio.
- e 6 termostatos.

TERCEIRO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.